

## ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA EMIGRACIÓN GALEGA, ANO 2026

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

### REUNIDOS

Por unha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (en virtude do nomeamento efectuado polo decreto 44/2024, do 14 de abril), actuando en nome e representación da Xunta de Galicia no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E por outra, Rosario Álvarez Blanco, presidenta do Consello da Cultura Galega, nomeada mediante Decreto 122/2022, do 30 de xuño, actuando en nome e representación do Consello da Cultura Galega, en virtude das facultades que lle confire o artigo 14 do Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega.

Ambas as partes recoñécense mutua capacidade para obrigarse e convir e, para estes efectos

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, ademais da promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia dos galegos residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega, tal e como se recolle no artigo 1.c) e d) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten interese na promoción, conservación e recuperación do patrimonio cultural galego da nosa emigración.

**Segundo.-** O Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria, creada ao abeiro do disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia, mediante a Lei 8/1983 do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega. Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con



capacidade de iniciativa, investigación e organización, ao Consello da Cultura Galega compéttelle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

**Terceiro.-** A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico sinala no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Así mesmo, sinala que a colaboración ou cooperación será compatible coa compensación dos custos reais en que unha das partes incorrese.

Por todo o exposto, ambas as partes intervenientes coinciden en instrumentar o seu acordo de vontades no presente acordo de colaboración, de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto.**

Constitúe o obxecto deste acordo o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Consello da Cultura Galega para a realización de actividades relacionadas coa promoción, conservación e recuperación do patrimonio cultural da emigración galega.

### **Segunda.- Obrigas das partes.**

1.- O Consello da Cultura Galega comprométese a:

- Destinar o importe do acordo a realizar as actuacións necesarias para realizar os obxectivos do acordo e sufragar ás empresas e profesionais que realicen os traballos necesarios para o cumprimento do mesmo.
- Organización de actividades de promoción da emigración galega.
- Difusión das exposicións de temática migratoria promovidas polo Consello da Cultura Galega. Entre os gastos destas mostras inclúense os referentes a traslado, montaxe, inauguración, produción e divulgación.



- Localización, inventariado e dixitalización de documentación e publicacións de sociedades de emigrantes galegos, así como doutros fondos documentais relacionados coa emigración galega.
- Publicación de libros de temática emigratoria.
- Proxecto memoria gráfica da arquitectura indiana en Galicia.
- Que o nome e o anagrama das dúas institucións figuren de maneira visible e teñan un espazo similar en todas as actuacións que se realicen na execución do presente acordo, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión publicitaria.

2.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración obrígase a:

- Seleccionar, xunto co Consello da Cultura Galega, as entidades galegas e facilitarlle os contactos para a dixitalización da documentación, publicacións e outros fondos documentais relacionados coa emigración galega.
- Determinar, xunto co Consello da Cultura Galega, o lugar onde se van realizar as actividades e exposicións.
- Acordar, xunto co Consello da Cultura galega, os libros que se van a publicar.
- Colaborar activamente na difusión das actividades conxuntas empregando para elo materiais de difusión, publicitarios, así como notas de prensa acordadas entre as partes.
- Asumir o compromiso de contribuír ao financiamento dos gastos necesarios derivados da realización dos obxectivos deste acordo de colaboración, no importe e con cargo á aplicación orzamentaria que se sinala na cláusula seguinte.

Ambas as partes acordan difundir este acordo, informando sobre a súa execución nas páxinas web das dúas institucións.

### **Terceira.- Financiamento.**

O importe total do presente acordo é de cincuenta mil euros (50.000 €), que serán achegados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao Consello da Cultura Galega para a realización dos obxectivos fixados no presente acordo, con cargo á aplicación 14.05.312C.640.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración transferirá o importe de 50.000 € unha vez asinado o acordo. A dita transferencia dará lugar a un expediente de ampliación de crédito que será tramitado polo Consello da Cultura Galega nos seus orzamentos e, concretamente, na aplicación orzamentaria 03.01.111D.640.0.



O Consello da Cultura Galega realizará todas as actuacións necesarias para o cumprimento do acordo e remitirá unha memoria xustificativa dos traballos realizados e relación detallada dos gastos incorridos para a consecución dos obxectivos do acordo, que terá que ser aceptada de conformidade pola Secretaría Xeral da Emigración.

Procederáse á devolución total ou parcial da cantidade achegada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que non fose aplicada e xustificada polo Consello da Cultura Galega ao cumprimento do obxecto do acordo.

#### **Cuarta.- Comisión de seguimento.**

Para o seguimento e interpretación deste acordo, créase unha comisión de seguimento que estará integrada por dúas persoas representantes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, designadas pola Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación do Consello da Cultura Galega.

O réxime de funcionamento e os acordos da comisión axustaranse ao establecido no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A comisión terá as seguintes funcións:

- Seguimento e control do desenvolvemento do acordo.
- Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación e cumprimento do acordo.

#### **Quinta.- Equipo de especialistas.**

Para acometer as actividades obxecto do presente acordo, o Consello da Cultura Galega deberá contar cun equipo de especialistas de recoñecido prestixio na materia que deberán dirixir o traballo e comunicarllo á Secretaría Xeral da Emigración para a súa aprobación.

A dirección do equipo de traballo corresponderalle á/ao director/a do Arquivo da Emigración Galega, que será a persoa interlocutora habitual coa Secretaría Xeral da Emigración, da que recibirá as oportunas indicacións e a que lle dará conta das posibles incidencias e ritmos das actividades, cando se lle requira. Así mesmo, cada dous meses deberá achegarlle á Secretaría Xeral da Emigración un informe acreditativo das actividades que se vaian realizando.

#### **Sexta.- Publicidade**



As partes asinantes do presente acordo manifestan o seu consentimento e autorización para que os seus datos persoais e o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicadas no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Este acordo será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

#### **Sétima.- Vixencia.**

O prazo de vixencia do presente acordo será desde a súa sinatura ata o día en que rematen as accións obxecto do acordo e en ningún caso poderá estender a súa vixencia mais aló do 31 de decembro de 2026.

De mutuo acordo as partes poderán modificar o presente convenio ou denuncialo en calquera momento.

E en proba de conformidade co expresado neste acordo, asíñase polas partes intervenientes no lugar e data citados no encabezamento.

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

A presidenta do Consello da  
Cultura Galega

José González Vázquez

Rosario Álvarez Blanco

